



PALESTINA, o muro que ten que caer

A foto que fala

Ser ou parecer. Un can atravesou unha rúa en San Petersburgo (Rusia).



O trasno Para cando o salario máximo?

Daniel López



A economía funciona como una masa de electróns en movemento. Se hai circulación, se hai movemento rápido e enerxía, o sistema quece e dinamízase. Nas recesións o sistema faise lento, hai pouca circulación, a cousa non se move e baixa a enerxía. É dicir que, por diversos motivos, a xente con cartos retráese, gárdaos nos petos e debaixo do colchón, ou mesmo hai quen merca ouro. Os que non os teñen ven-se na obriga de gastar todo ese pouco que teñen para sobrevivir, e non lles

chega. Na crise favorécese a desigualdade e a desigualdade favorece a crise. En troques, una boa distribución da riqueza, fai que circulen máis cartos, que a cousa se mova e que, con igual riqueza, pero mellor repartida, haxa máis benestar, igualdade e crecemento económico.

As famosas políticas anticíclicas que hai que ter nas crises teñen que ver coa historia de Robin Hood, que lle quitaba aos ricos para darlle aos pobres. Pero, sen entusiasmarse, colegas, que iso agora faino o Estado Social. Teñen que ver con poñer cartos nas mans dos que non teñen para chegar a fin de mes, porque son cartos que seguro que se gastarán, quitándollos aos que andan forrados e temerosos de gastar e investir. Iso son as políticas fiscais.

Os salarios, indemnizacións e pensións deses bichicomas da Nova Caixa Galicia son todo iso que se dixo: un insulto aos parados, un roubo indirecto aos contribuíntes, un premio inxustificable a uns xestores pésimos, un escándalo, unha desvergonza.

Pero o máis chusco da historia é que é un insulto á intelixencia económica. En que se poden gastar no curto prazo tres homiños e todos os seus parasitos circundantes vinte tres millóns de euros, que son cerca de 4000 millóns das antigas pesetas? En que? Que plus de felicidade lles pode achegar?

Vinte tres millóns é o que máis ou menos vale o pagamento dun ano enteiro da Renda de Integración Social de Galicia; serían máis de 750 traballadores sociais, ou profesoras, ou enfermeiras; sería unha paga extra para 50.000 perceptores das pensións máis baixas; serían 460.000 xornais para parados en limpeza de praias, montes ou ribeiras. Calquera deses usos sería máis intelixente economicamente como medida anticrise. E máis xusto.

O salario mínimo é unha cousa que está ben. Pero, para cando o salario máximo? Para cando un Robin Hood que leve ese persoal, debidamente embreado, á praza maior na que están as ringleiras de parados, inmigrantes e indignados agardando por un xornal?

Editorial As amizades perigosas e o frío no corpo

Imaxinamos a escena. Un ministro no seu coche oficial, co coche escolta detrás, detense inesperadamente na estación de servizo de Guitiriz, xusto a carón dun Audi serie 8 TDI, negro, de cristais afumados. Pasan segundos, algún imperceptible aceno, quizais un pequeno sinal acústico, se cadra unha chamada perdida, e do coche estacionado emerxe un home grande de gabardina negra abotoada, pelo rulo e negro coma o coche e os cristais, como a gabardina e os lentes de sol que loce, nun día, seguro, de nubes tamén escuras. Xuntos proseguen o camiño, rumbo a un xantar de empresarios. O ministro Blanco –cambiamos de ton- di que o que tratou co empresario milagre de negro eran, de ser algo, cousas privadas, e que en ningún suposto, nunca, nunca, accedeu a ningunha pretensión ilícita do empresario Dorribo, un sorprendente emprendedor, protexido do inesquecible Cacharro, que tanto fixo de peleteiro como de imaxinativo innovador, colocando medicamentos en países do sur do planeta.

necesitamos estar certos de que os ministros non se citan nas estacións de servizo con empresarios milagre

É unha mágoa que as declaracións do ministro non nos tranquilicen. Os votantes, ignorantes e manipulables, pero cada vez menos inxenuos, necesitamos que nos aseguren que os ministros de fomento non se citan nas estacións de servizo con empresarios milagre, de branco ou de negro, especialmente cando teñen un notable currículo de acaparamento de subvencións públicas. E quen di ministros, di conselleiros ou deputados.

Tampouco non somos tan parvos como para non caermos na conta de que esta operación “campión” comezou investigando e imputando a directivos nomeados polo goberno Feijoo, porque estaban mimando de maneira sospeitosa ao tal empresario. E que curiosamente agora, en período preelectoral, e nada menos que no diario El Mundo, se filtra unha parte moi significativa do sumario, aquela na que o acusado pon o ventilador e ceiba a destra e sinistra.

Está moi ben que a xente -como os deputados Cobián e Fernando Blanco do PP e BNG respectivamente- dimitan para clarear as cousas. Mais o caso é que de novo se nos queda mal corpo. Esa sensación de que quen pisa moqueta non é quen de peneirar e controlar as súas amizades. Esas ganas de alternativa, esa nostalxia dun futuro distinto e necesario.

Rumores de esperanza

Durante bastantes anos da miña vida vivín solteiro. Hai que reconecer que é unha vida que ten certas vantaxes que se traducen sobre nunha inmensa liberdade á hora de administrar o tempo libre. Teño un compañeiro que aínda é solteiro aínda que xa vai entrando nos corenta. Este compañeiro solteiro tomou a decisión de adoptar. E alá vai dende hai un par de meses cos seus dous fillos criadiños (están en torno aos dez anos) e tendo o seu permiso de paternidade. Unha mostra de xenerosidade ceder o tempo do que dispuñas absolutamente por unha paternidade que non será fácil.

Son curiosos os casos de Elenita que xunto o seu home Andrés xa van camiño da súa quinta filla (xa hai que ter puntería) e o da familia que non podía ter fillos biolóxicos e fixo da súa unha casa de acollida de fillos alleos creando unha especie de ONU de toda raza e orixe.

Os que non son capaces de ver na diferenza algo creativo din que a familia está en crise e que hai que volver á familia tradicional. Eu trouxen a estes rumores tres familias. Unha convencional e outras dúas non tanto. As tres son especiais. As tres son diferentes. As tres están cheas de tenrura. Xa empeza a ser difícil contestar á pregunta ti de quen vés sendo?





1



3



2



4

A peneira

1

Manuel **PONTE**, xastre de Ordes, será lembrado o 4 cun filme e un ciclo de conferencias sobre a súa ideoloxía e compromiso. Foi quen escribiu *Non somos bandoleiros, somos guerrilleiros*, “porque tras dez anos de loitas continuamos mantendo en alto a bandeira da liberdade republicana”. Foi fusilado con outros dous da IV Agrupación Antifranquista. A mellor homenaxe no centenario é ler este libro de Manuel Pazos.

2

A Xunta convoca día 4 a xornada “Aprender a **EMPRENDER**. O reto de empregabilidade” (xuventude.net), en Compostela, para mozos e mozas. En dez anos emigraron uns 170.000, privándonos de tanta formación, nun país onde o 15,8% son menores de 20, e o 24% maiores de 65. No 2020 van os maiores van dobrar aos máis novos

3

A **BALEA** varada morta en Barreiros urxe a estudar o seu hábitat, como está a facerse cos golfinhos grazas a uns hidrófonos nas Illas Cíes. Nas Rías Baixas hai uns 500, dos chamados arroaces, diferentes aos doutras zonas. Coñeceranse as rotas migratorias, mesmo cando buscan bancos de sardiñas, cada vez máis mar a dentro.

4

Cando se cumpren os 40 anos do Concerto benéfico de rock para Bangladesh, daquela rexión do Paquistán aínda temos que denunciar o traballo infantil, coma acusa, ata o 30, a exposición da Domus (A Coruña) sobre **BANGLADESH**. No mundo hai 270 millóns de persoas que viven en escravitude.

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

China ameaza o **TÍBET**, cando o Dalai renuncia ao poder político e democratiza o goberno integrado por tibetanos no exiliados dun país que sufriu o feudalismo cruel. Na foto, o primeiro espazo budista de Galicia, en Ventoso de San Amaro: retiro, biblioteca, universidade europea..., crenza de 500 galegos/as.

6

ARXENTINA en eleccións, denuncia con Darío Rivas o xenocidio franquista, e as inmensas minas ao aire libre, de ouro, cinc..., contaminando co cianuro. Aquí o 97% das pizarreiras son cascallos: só chega ao almacén o 3%, e deste ao mercado, un 40%. Na foto, Belén Quellet coordinadora da Rede Solidaria cos pobres, tamén galeg@s de Bos Aires.

7

O Sinn Féin, rama política do **IRA**, vai ás presidenciais irlandesas, co seu excomandante McGuinness, copresidente cos protestantes de Belfast (dende o 2008), con 29 deputados. Todo comezou coa liberación de presos (2000), coordinada por Brian Curran, igual ca en Sudáfrica (1994), quen dende o 2006 colabora na paz de Euskadi, que loita polo mesmo.

8

Casa Macán de Taboada é a primeira empresa galega en fundir queixo, ata 4 millóns de kg. por ano. Van vender **ENERXIA** producida cos gases e auga quente que xeran na fabricación. Cómpre un plan de aforro enerxético nas granxas. Unha de Sarria xera 3,6 millóns/kwh cos xurros; outras, o 50%, coas renovables. Co biogás, o subproduto sobrannte serve para estercar.

✿ 27891 CERVO (Lugo)
Teléf.: 982 - 55 78 41 - Fax 982 - 55 78 04
e-mail: sargadelos@sargadelos.com

✿ O CASTRO DE SAMOEDO
15168 Sada (A Coruña)
Teléf.: 981 - 62 09 37/62 02 00
Fax: 981 - 62 38 04
e-mail: ocastro@sargadelos.com

✿ Rúa Nova, 16
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléf.: 981 - 58 19 05 - Fax 981 - 58 58 88
e-mail: galeriasantiago@sargadelos.com

✿ Real, 56
15003 A CORUÑA
Teléf.: 981 - 22 26 04 - Fax 981 - 22 26 04
e-mail: galeriacoruna@sargadelos.com

✿ Provença, 274 - 276
08008 BARCELONA
Teléf.: 93 - 215 03 68 - Fax 93 - 215 01 79
e-mail: galeriabarcelona@sargadelos.com

✿ Zurbano, 46
28010 MADRID
Teléf.: 91 - 310 48 30 - Fax 91 - 310 48 30
e-mail: galeriamadrid@sargadelos.com

GALERIAS
SARGADELOS

✿ Habana, 12
32003 OURENSE
Teléf.: 988 - 37 09 26 - Fax 988 - 37 09 28

✿ Rubalcava, 30 - 32
15402 FERROL
Teléf.: 981 - 35 37 14 - Fax 981 - 35 37 16
e-mail: ferrol@sargadelos.com

✿ Pza. Sto. Domingo
27001 LUGO
Teléf.: 982 - 22 78 04 - Fax 982 - 24 49 13
e-mail: sargadeloslugo@terra.es

✿ Urzáiz, 17
36201 VIGO
Teléf.: 986 - 22 00 50 - Fax 986 - 22 04 74
e-mail: info@galeriasargadelos.com

✿ Oliva, 24
36001 PONTEVEDRA
Teléf.: 986 - 85 25 84 - Fax 986 - 85 79 18

✿ Pza. de España, 2
27400 MONFORTE DE LEMOS
Teléf.: 982 - 40 26 57 - Fax 982 - 41 60 33
curgical@curgical.com

✿ Conde de Fenosa, 38
32300 O BARCO DE VALDEORRAS
Teléf.: 988 - 32 05 86

✿ Rúa Castelao, 52
36980 O GROVE
Teléf.: 986 - 73 09 68 - Fax 986 - 73 23 34
espiroide@yahoo.com

✿ Calvo Sotelo, 8
36680 A ESTRADA
Teléf.: 986 - 57 52 46 - Fax 986 - 57 02 94
sargadelos@aestrada.com

Política Menos Galicia –aínda

Lupe Cendal

O máis irritante das bonificacións a exdirectivos de Novacaixa Galicia (tanto de Caixa Nova como de Caixa Galicia) é que se está premiando a desfeita. As Caixas xa hai tempo, coa súa aposta polo ladrillo, por exemplo, pasaron a ser bancos mal xestionados e deixaron de ser o que debían ser.

Ironizaba Barreiro Rivas na prensa recentemente sobre este tema, dicindo que era pouca a recompensa, que debían levar máis, pois segundo o que “el oíra” grazas a xenialidade de crear a famosa “Caixa galega solvente e paritaria (con media sede en Vigo e media na Coruña)”, conseguimos manter “un sistema financeiro propio”, que ten aquí o “seu centro de decisión”.

Todos eses entrecomillados que sinala Barreiro Rivas, son os titulares que creou o gabinete de Feijoo no seu momento, para constituírse en abandeirado desta gran desfeita que é a práctica desaparición das nosas caixas como entidades solventes, radicadas e centradas en Galicia. Se a iso engadimos a absorción do Banco Pastor polo Popular, o panorama queda claro: Galicia deixa de existir no mundo das finanzas.

A banca privada, desregulada, levounos a esta tremenda crise financeira

Coa eclosión do pensamento liberal –e ultraliberal- parece que se demonizaron as iniciativas conducentes a ter una banca pública. As caixas, coa súa obra social, cos seus consellos con representación de cargos públicos elixidos nas urnas, mantiñan acesa, dalgunha maneira, a idea de que co aforro dos galegos e galegas podería non só especularse para incrementar beneficios, senón promover unha actividade financeira que apoiase o



desenvolvemento endógeno de Galicia, os pequenos proxectos dos seus emprendedores, iniciativas culturais e solidarias.

A situación actual debe reconducirse porque Galicia está perdendo moito. En Alemaña, as bancas públicas vinculadas aos Lander son una realidade consolidada. Son entidades enfocadas ao desenvolvemento local, que funcionan compasadamente coas estratexias de desenvolvemento que trazan as autoridades dos estados federados. E así pasa noutras partes de Europa.

Unha cousa é dicir que o “público” debe equilibrarse co “privado.” Outra é que o “privado” debe engulir ao

“público.” A banca privada, desregulada, obsesionada polos beneficios a curto prazo e cun sistema desbocado de estímulo salarial dos seus directivos levounos a esta tremenda crise financeira. Se efectivamente os eslóganos de Feijoo rematan sendo un fracaso total, a proposta de pensar nunha institución financeira pública galega debe poñerse seriamente enriba da mesa.

POR UNHA NOVA ESPIRITUALIDADE

XXVI FORO Encrucillada



HORARIO

	Presentación	09:30
Unha espiritualidade centrada en Xesús		10:00
	José Antonio Pagola	
O feminino na espiritualidade		12:00
	Teresa Forcades	
	Celebración	13:30
Espiritualidade e praxe cristiá		16:00
	Luís González-Carvajal	
	Mesa Redonda	17:30
	Remate	19:00

Auditorio de Galicia - Santiago de Compostela. 5 de novembro 2011

Entrevista

Por Pablo de BDS-Galiza

A Chicha Martínez (BDS-Galiza) acabada de chegar de Palestina.

Recentemente, Chicha Martínez, compañeira na BDS-Galiza e en COSAL-Costa da Morte, pasou quince días por terras palestinas xunto a outros catro amigos: Javier Turnes, Ubaldo Cerqueiro, Rafael Poncela e Alberto Pagán. Chicha fálanos do que alí puido ver e comprobar de primeira man.



Participantes na expedición do BDS Galiza a Palestina

Cal foi o obxectivo da vosa visita?

Queríamos ver, coñecer no terreo aquelas situacións que coñeciamos de lonxe. Vivir por uns días o que a ocupación leva con sigo no cotiá.

ferenciados...), en cada recuncho hai bandeiras sionistas, mais a bandeira palestina é ilegal na maior parte dos lugares. E e un longo etc.

persoas amábeis nas indicacións e mais na conversa. E un á parte son as persoas israelís que traballan en organizacións con palestinas para defender os dereitos destas e rematar coa ocupación actual. Neste senso o recibimento e mais o trato foi caloroso.

É fundamental que vaíamos e contemos o que vemos

Até que punto palpaches o acoso cotián á poboación palestina?

Poderías visitar Xerusalén sen chegar a te decatarse dalgúns aspectos da ocupación, pois o sionismo é moi bo ocultando información e manexándoa segundo lle convén. Mais o acoso está por todas partes: estás rodeada de exército armado até os dentes (entras así no país, aeroporto, estación de autobuses, transportes, ...); hai lugares limitados por relixións (musulmáns non pasan, ou só pasan musulmáns, baixo control israelí), os desprazamentos son por lugares diferentes e condicións diferentes (estradas e nalgúns casos rúas segregadas para palestinas/israelís, controis tamén di-

Que actitude tivo a poboación israelí e o exército con vós?

O exército está sempre ameazante, mais sen amosar emocións: repiten as ordes e mais o discurso que teñen para cada momento, e non saen de aí, nin permiten que ninguén saia. Non tivemos problemas porque non llelos demos. En canto á poboación israelí, houbo un pouco de todo. En Xerusalén a poboación xudía máis relixiosa (ortodoxa ou ultraortodoxa) tenta amosar que non es benvida coa indiferenza total (non cruzan nin a ollada), ou o desprezo. O resto da xente israelí en xeral tamén amosa indiferenza, non contestando nin mirando cando preguntas, mais tamén houbo

Nótase o labor dos internacionais dentro dos territorios ocupados?

Nótase porque é importante. Hai labores que non sempre poden facer israelís nin palestinas/os, porque é ilegal para elas/es e arriscan moito, e que realizan internacionais: presenza nas casas en grave risco de ocupación cando os/as propietarias/os teñen que saír (Sheik Jarrah, por exemplo), acompañamento a escolares para evitar as agresións das/os habitantes dos asentamentos, acompañamento a labregas/os, polo mesmo motivo, asesoramento en cuestións legais, participación en actos de resistencia pacífica ou de protesta, ... Ademais, a gravación e difusión das actividades nas que se participa é de vital importancia para contrarrestar as informacións falseadas do sionismo. É fundamental que vaíamos e contemos.

Tivestes entrevistas con asociacións de mulleres. Como ves en concreto o papel da muller dentro da loita do pobo palestino?

Aínda que tivemos entrevistas cunha organización (RWDS Rural Women Development Society), realmente foi difícil falar con mulleres, o cal xa é un sinal en si mesmo. A muller semella moi vinculada ao espazo do privado. Porén, a resistencia trabállase no día a día e mais na actitude ante cada situación de acoso, e aí as mulleres están a xogar un papel moi destacado: non calan, cuestionan as limitacións impostas, maniféstanse, ...

Os nenos non coñecen máis realidade que a ocupación. Como viven esta situación?

Con normalidade aparente: medran sabendo que hai que pasar controis, que ás veces non se poden pasar, que hai humillacións continuas, que hai medo, incluso dentro das casas. Mais ter todo iso integrado no cotián leva a consecuencias psicolóxicas: por exemplo, no Campo de Refuxiados de Balata, dicían que están agora mesmo ao límite, aflorando coa mesma violencia coa que a Segunda Intifada tratou a poboación. Botaron moitas noites, por exemplo, agardando a que unha luz verde, que dende o control militar dun cumio próximo movían iluminando os tellados, non parase no seu, porque era o sinal para a aviación bombardear a casa na que se detiña. Tras tanto e tanto sufrimento, é incríbel a capacidade para manter o sorriso, e para brincar, inda nas peores situacións, mais medrar nas condicións nas que o están a facer pasa e pasará factura ás crianzas.

alaches cunha asociación de defensa dos presos políticos. Que posibilidades teñen de loitar polos dereitos deste colectivo? Que puidiches co-

ñecer das condicións dos centros de detención?

Addameer fai un traballo impresionante, pois é a onde poden acudir as e os palestinos cando hai unha detención administrativa ou irregular por parte de Israel, e tamén da Autoridade de Palestina nalgúns casos. As condicións deste tipo de detencións son totalmente irregulares dende o punto de vista legal: sen cargos, sen xuízo, tardan días en ter acceso á defensa, a defensa non accede ás supostas probas contra os cargos descoñecidos... E mentres, están entre a poboación

política (dende a esquerda á dereita), incluíndo quen non tiña totalmente clara o seu posicionamento ante o pobo palestino nin ante Israel. Mais isto non é unha cuestión política, nin relixiosa, e iso quedou moi claro para todas: trátase dun proxecto perverso, implacabelmente levado á práctica, que pretende eliminar un pobo para ocupar o seu territorio. Quen é persoa e presenza tal estratexia non pode máis que ficar comprometida con Palestina e mais o sufrimento da súa xente. Así que as diferenzas iniciais non importaron. Volvemos cunha

As mulleres están a xogar un papel moi destacado: non calan

reclusa ou, nos casos máis graves, en réxime de illamento. A comida, as condicións hixiénicas e de acceso a coidados sanitarios, son moi malas, nin sequera sempre entenden o que lles din.

Cales son as sensacións coas que volvedes a casa?

Viaxamos cinco persoas, de diferentes idades, traxectorias e ideoloxía

indignación tremenda, unha tristura fonda, e unha dor infinita; mais tamén coa admiración eterna por unha poboación que non perde a afabilidade nin o sorriso, e pola súa capacidade de resistencia. E coa determinación de non esquecer, e de contar. E de traballar no que poidamos para que o pobo palestino poida vivir na súa terra decidindo o seu presente e mais o seu futuro en liberdade.



Eretz, porta de acceso a Gaza: un territorio illado

Para non perder o sur. Son invisible. Estrela

Teresa Souto

Miña nai pariu una noite de decembro chea de estrelas, e por iso decidiu chamarme Estrela; miña irmá naceu unha mañá de agosto e chámase

Luz. Eu quería seguir coa tradición familiar de poñer nomes segundo o momento e día do parto, pero o meu home non mo permitiu,

a el gustáballe que o neno levase o seu nome, e a nena o de súa nai.

María, Antón mai eu hai catro días estreamos fogar:

está moi ben iluminado, é sinxelo, tranquilo e ten un xardín interior

cheo de camelias. Antón segue calado, creo que algo enfadado, el quere voltar á outra casa, quere xogar cos seus amigos e compañeiros; este fogar novo non lle gusta, pensa que eu o estou a facer mal, e entón eu dubido. María, porén, está moi contenta, gústalle a compañía que hai na casa, as educadoras, a traballadora social e sobre todo Iria, a psicóloga, que a axuda nas súas fobias e medos. Hai catro mulleres máis, só unha non ten nenos; pobres, os seus compañeiros facíanlle a vida imposible, ameazábanas, insultábanas, batían nelas, minaban a súa autoestima, dominábanas, prohibíanlle ver a súas familias,

atemorizaban os seus fillos e fillas, e berraban que eran eles os que mandaban, os que tiñan o poder, e facíanas pensar que era todo porque as querían, as protexían, porque sen eles non eran nada, NADA....

Eran nada, como nada son eu, non sirvo, non sei, non son capaz, non podo, non me considero útil, nin capacitada, son un cero a esquerda. A miña irmá Luz considera que eu estou cega, que non vexo que eu si vallo, que si podo, que son útil; ela opina que é Antón o que fai que me sinta así, o que me destrúe e fai sentir inferior, o que me tira polas escaleiras e me rompe o brazo, o que me dá patadas e me fai mazaduras, o que me cuspe na cara e me tira do pelo, o que fai todo isto diante dos nosos fillos, e o que uns días máis tarde prométeme que me ama, que o fai polo meu ben, que as flores que me agasalla son sinal do seu amor.

Xa non estou cega, pero si atemorizada, morta de medo, de incerteza. Denuncieino, e hai catro días que vivimos aquí, que el non sabe de nós, que estará a buscarnos enfurecido, que irá a casa de Luz a

buscarnos, que a maldicirá e a culpará por me meter historias raras na cabeza. Mais a nosa fuxida comezou, non quero mirar atrás, só quero avanzar, ser visible no meu acocho, facerme visible na miña propia vida.



o gabinete da Casa Branca seguindo o asasinato de Bin Laden

Non damos creto. Parecera como que volve a poñerse de moda a Rambo-manía, si algunha vez deixou de estalo, por aquilo de que a realidade supera sempre á ficción. Non foi suficiente con eliminar a Osama Bin Laden violentando a soberanía nacional de Paquistán. De executalo, sen miramento algún, para logo tiralo ao mar, iso si, polo rito musulmán.

Agora tocoulle a quenda a Anuar el Aulaki, sen dúbida un fanático predicador da violencia na rede, un iemení con nacionalidade estadounidense. Un individuo non moi distinto a eses telepredicadores que invaden a diario os canais das televisións norteamericanas. Tipos cargados de odio, leccións e resentimento, profundamente sectarios, ultras partidarios de resolver os asuntos máis delicados coa sutileza das bombas, neste caso, lanzadas desde vehículos aéreos non tripulados chamados *drones*.

Pouco importa que estas actuacións vulneren a legalidade internacional ou que provoquen con frecuencia graves danos colaterais, como aconteceu neste caso, xa que ademais da execución sumaria de Aulaki, na mesma acción foi asasinado outro norteamericano, Samir Khan. Pero,

interesada legalidade. Sería, para eles, unha actuación de guerra contra dun combatente que ameaza a seguridade dos EE.UU., nada menos.

Dereito á autodefensa, loita contra do terrorismo internacional, guerra contra Al Qaeda... conceptos e consignas -mil veces repetidas- que ampararían crimes horrendos e que foron inmediatamente denunciados polas organizacións de defensa dos dereitos humanos de EE.UU, a Unión Americana de Liberdades Cívís ou o Centro de Dereitos Constitucionais. Trataríanse, en realidade, de execucións sumarias contra persoas, cidadáns norteamericanos, sen cargos e sen xuízo algún, nun país soberano.

A persistencia, *sine die*, do estado de guerra contra do terror en USA e en todo o mundo, permite a eliminación do “inimigo”, en calquera lugar, pasándose polo arco de trunfo a legalidade internacional e os dereitos humanos. A este paso non sei onde imos a parar. Sei que existe unha Declaración Universal dos Dereitos Humanos, un Tribunal Penal Internacional, unha Corte Internacional de Xustiza, unhas Nacións Unidas... ou xa non?

Comportándose desta maneira, as sociedades democráticas, os Estados

o estado de guerra contra o terror atenta contra os dereitos humanos

no problem, o ataque foi un éxito e estaba plenamente xustificado, tiña tamén o respaldo do Departamento de Xustiza, vaia mascarada!, quen amparou a legalidade da execución polo método máis democrático, aquel que en Palestina coñecen como “asasinatos selectivos”

Obama, que decepción!, nada menos que un Premio Nobel da Paz, autorizando execucións extraxudiciais, violacións manifestas dos dereitos humanos, amparándose nunha máis que


que presumen de civilizados, homolójense ó máis cruel e fanático dos violentos, perden calquera razón, a non ser a da forza, e fannos aborrecer formar parte da especie humana.

Mágoa de Obama, un Nobel das Paz reconvertido en executor. Mágoa.

Para a maioría dos medios de comunicación, esta execución criminal acadou a categoría de “breve”. Cousas da liberdade de expresión, que diría o Sr. Murdoch. Mágoa tamén.

O Noso Taboleiro

seminario galego de
educación para a paz
fundación cultura de paz



Principais actividades que desenvolverá o Seminario Galego de Educación para a Paz neste curso 2011-2012

A programación poderá ser ampliada ao longo do curso. Das inscricións aos diferentes eventos darase cumprida información na páxina web do Seminario

10 de Decembro. Día Internacional dos Dereitos Humanos

- Declaración institucional e Exposición en Área Central
- Difusión do Minilibro sobre a Declaración de 1948
- Lectura colectiva da Declaración Universal dos DDHH



30 de Xaneiro. Día Escolar pola Paz, aniversario da morte de Mahatma Gandhi

- Mail aos centros educativos galegos coa proposta didáctica sobre Educación para a Democracia
- Exposición e venta de materiais en Area Central
- Entrega dos Premios Portapaz
- Centro Cultural de NovaCaixaGalicia na praza de Cervantes. Cea de Homenaxe

Dúas exposicións itinerantes

Concertar datas e orzamento co Seminario (paz@sgep.org)

1. Sobre os Dereitos Humanos
2. Animación á lectura e Cultura de Paz



Cursos de Formación

Ámbolos dous cursos están dirixidos ó alumnado das universidades e teñen recoñecemento de créditos por 30 horas

1. A cultura da Paz desde a perspectiva de Xénero
(Coordinado por Ania Piñeiro)
2. Cinema e Convivencia
(Coordinado por Toni Brea)

XXVI Encontros de Educación para a Paz

Sobre a Educación para a Democracia

2, 3 e 4 de Marzo. Facultade de Ciencias da Comunicación da USC ou Auditorio de NovaCaixaGalicia



Charlas, conferencias, seminarios, obradoiros, proxeccións

Educación para a Paz; Cultura de Paz; Interculturalidade; Conflitividade e convivencia escolar; Mediación de conflitos; Xogos cooperativos e dinámicas de aula

15 Aniversario de AIPAZ

Coordinadora de Grupos de Educación e de Investigación para a Paz do Estado Español. **Xaneiro de 2012.** Granada

Seminario Galego de Educación para a Paz

Rúa do Valiño, 13 (1º)

15707-San Lázaro-Santiago de Compostela

Tfno: 981 561 956 - 981 554 053

paz@sgep.org | www.sgep.prg



Centro Internacional pola Paz de Herbón (Lar da Paz)

Posta en marcha da recuperación e rehabilitación do Mosteiro Franciscano de Herbón (Padrón), sede futura do Seminario Galego de Educación para a Paz, da Fundación Cultura de Paz, da Cátedra UNESCO de Cultura de Paz e Dereitos Humanos da USC e do Centro UNESCO de Galicia

Impulso á creación do Centro UNESCO de Galicia

Proceso Constituínte

Cátedra UNESCO de Cultura de Paz e Dereitos Humanos da USC

Programa propio




Proceso de legalización da Fundación Galega da Paz

Aprobado en Asemblea Xeral de Asociados e Asociadas do SGEp en Xuño de 2012

Prácticum de alumnado da USC na sede do SGEp en Coi

(Continuación do Programa de anos anteriores)



Plan de Voluntariado do SGEp

(Coordinado por Guada Neira)

Constitución de Grupos territoriais novos

(Lugo, Barbanza)

Consolidación dos Grupos temáticos novos

(Xénero, Voluntariado)

Novas Publicacións

Manual para pais e nais sobre Cultura de Paz; A paz como cultura II; Sobre a Educación para a Democracia

Revista 'En son de Paz' núm. 2

Movemento 15M e Democracia Real Xa!

Primeiro trimestre de 2012



Páxina Web do Seminario

Mellora e optimización do novo proxecto web (www.sgep.org)

(Coordinado por Manoel Santos)

Biblioteca e Videoteca do SGEp

Consulta e servizo de préstamo

(Coordinada por Toni Brea)

Departamento de Cooperación ó Desenvolvemento

(Alumnado en prácticas)

Boa Nova



A mandar

Hoxe tapáchesme a boca, a min tamén querido Mestre. Mandaches calar o barullo de tantos pensamentos que andan a enredar na miña cabeciña. A que me soa ese baleiro que me queda por dentro ao escoitar como me resoa por dentro... *amarás... como a ti mesma... amarás...* Fico muda. Quedo parada. Non paro de escoitar ese eco como unha marea por dentro. Se un día me ven o Párkinson ou o Alzheimer, que alguén escriba nos muros, nas pantallas, que manden unha avioneta cun cartel que poña ese versíño bendito. Será o meu fío de Ariana para dar coa casa do Pai, co Sentido que quita todo o valor á memoria, aos pensamentos fatuos e demais vagalumes. Por favor que alguén me diga, de vagar, esa frase berce de toda vida e de certo que non me extraviarei, prométoo. De seguro recordarei tamén a outro que sempre me di cando se alporiza e non hai quen o pare: "xa sabes con qué taparme a boca". Se un día todos e todas xuntas perdemos a memoria, o sentido, a paz e se a nosa vida pende dun fío so nos quedarán esas palabras que saben a BICO para sempre.

Christina Moreira

A CLAVE

Demasiadas veces temos visto os mandamentos coma prohibicións ou obrigas, pero o seu sentido primixenio, camiña por outras vías. Parten da vontade de Deus, que non é outra que a plenificación do ser humano. Os mandamentos son as guías para esa plenificación. A vontade de Deus non pode senón ser un desexo fervente de que o amor que sostén o universo non morra nunca.

Isto xa está recollido na lei mosaica. "Amarás ao señor con todo o teu corazón" está xa escrito no Deuteronomio, e o Levítico di "amarás ao teu próximo coma a ti mesmo" (Lev 19, 18). Xesús, logo, non inventou nada novo. Só puxo ao vento as leis de Moisés, deixou que voara toda a palla e recolleu a esencia desa lei de Deus.

Os mandamentos non miden o noso amor a Deus, só lle dan contido, móstrano como un desexo de facelo real. O poeta T.S. Eliot dicía que "a peor traizón é facer o debido por unha razón indebida". Só cando todas as dimensións da nosa vida se viven claramente de acordo coa conciencia de Deus, non teremos falla de ningún outro mandamento. A sensación da presenza de Deus é dabondo para nos guiar.

Marisa de Corme

DOMINGO 23 DE OUTUBRO. 30° DO TEMPO ORDINARIO

Mt 32, 34-40

Naquel tempo, ao se decataren os fariseos de que Xesús lles tapara a boca aos saduceos, reuníronse onda el, e un deles, doutor da lei, preguntoulle para poñelo a proba: "Mestre, cal é na Lei o gran mandamento?" El respondeulle: "Amarás o Señor, teu Deus, con todo o teu corazón e con toda a túa alma e con todo o teu entendemento; este é o mandamento grande e primeiro. O segundo é semellante a el: Amarás o teu próximo coma a ti mesmo. Destes dous mandamentos dependen a Lei enteira e mais os profetas".

Falando da lingua Nin con vinte, nin con trinta...

Lidia e Valentina



E falando da lingua, falamos da lingua na nosa casa, e permitídenos hoxe facer algo de terapia aquí con vosco. É que estoutro día unha das nosas nenas, castelán falante ela, malia que nos doía, cando chegou do colexio díxonos que a profe nova lles comentara que “las caderas tienen que ser altas para que no duelan las piernas”. Pois nun primeiro momento custounos entender o que quería transmitir, pero, tras repetir a mensaxe varias veces, comprendemos que “la cadera” viña sendo “a cadeira”, a de sentar! E viraron as tornas! A

nova profe, galegofalante, emprega léxico galego, pero a rapaza acordou que xa adaptaba ela ao seu castelán ese ditongo *ei* do galego, sen ter nin idea, cos seus 5 anos, do concepto ditongo, evidentemente! Aplicou os seus xa abondosos coñecementos das dúas linguas que sabe (aínda que use só unha delas) e deduciu que se a *carteira* é *cartera* e o *panadeiro* é *panadero*, a *cadeira* debía ser *cadera* sen máis. Ao revés tamén se fai... elimínanse ditongos no galego para diferenciar termos que son iguais en castelán, e aplícase a regra de... se o que en castelán é *corriente* en galego é *corrente*, pois *ambiente* será **ambiente*, ou *conveniente* será **convinte*. Mais non é así, con esas correspondencias estamos facendo hipergaleguismos. Vós recordade sempre que debemos dicir *conveniente* e *ambiente*! Ó mellor válevos aquilo que nos aprendera Pepe Chao: *nin convinte nin “contrinta”, conveniente!*

Estes pequenos “fallos” que se producen por estaren as linguas en contacto, nos nenos son unha demos-

tración de como o noso cerebro está preparado para compartir coñecementos dunhas linguas para as outras (o que os estudosos chaman “competencia subxacente común”) e demostra que ao aprenderen os rapaces dúas linguas de pequenos logo teñen máis capacidade para aprenderen outras. Pero falamos de que aprendan primeiro as linguas que teñen no seu contorno, e logo as outras na categoría de linguas estranxeiras, e isto tamén o din os expertos...

Adquirir contidos noutra lingua permite familiarizarse con estruturas gramaticais que despois se poden aplicar noutros contextos, interiorizalas, o que facilitará a competencia lingüística nas dúas linguas por igual.

E os nenos mesturan linguas ata unha idade, mais logo xa diferencian perfectamente e falan a que queren ou a que o ambiente lles marca, ou o que a súa competencia lles deixa... Porque a nosa nena era monolingüe en galego ata que chegou á escola e veu de volta dicindo aquilo de... *no vejo la area!*

O Fachineiro dos desbaldidores

Adxectivos

Estaba o outro día o fachineiro na perruquería, ese oasis de saber, cando se informou por unha revista de como por uns magros 12.000 euros podía seguir un tratamento anti stress dunha semana en Suíza que inclúe hotel, balneario, masaxe e psicólogo. Axiña pensei na frase, seica de Woody Allen: “O diñeiro non consegue a felicidade, pero calma os nervios”. Cando o lector ou a lectora destas liñas as teña na súa man xa se esgotaría o paradigma de adxectivos dedicados aos tres directivos de Caixa Galicia que levaron uns 24 millóns de euros (4000 millóns de pesetas) de “indemnizacións” dunha Caixa que vale 180, é dicir dous Cristianos Ronaldos. Porque agora este fachineiro decidiu utilizar o Cristiano Ronaldo (fichado por 91 millóns) como



José Luis Pego disertando sobre a pobreza no mundo

unidade de medida. E os 12 do ex director José Luis Méndez, o mesmo ao que lle bicaban as solas ata hai un par de meses. Por certo, ese blog persoal que ademais resulta ser o xornal máis subvencionado destes lares, non atopou máis ca un recuncho na parte superior esquerda da súa portada para esta insignificante nova. E o outro que aínda ficou, ese rapaz de 80 anos que responde por Gayoso, era o que propuña hai un ano unha rebaixa dun 20% no soldo do funcio-

nariado. Estamos perante o premio a un burato que cos teus cartos e máis os meus tivemos que encher. Parafraseando a pintada arxentina, estabamos ao bordo do abismo, pero con estes directivos demos un paso adiante.

A.Q.